



C. E. I. P. VITE I

Avda. Burgo das Nacións s/n 15704 – Santiago de Compostela
Teléfono e Fax: 981585908

Web: www.edu.xunta.es/centros/ceipvite1 // Enderezo electrónico: ceip.vite1@edu.xunta.es

NORMATIVA REFERENTE Á ADMISIÓN DE ALUMNOS

Información ao alumnado e ás familias

(ORDE 12 DE MARZO DO 2013, Capítulo II, Art 13)

a) Normativa reguladora do procedemento de admisión.

-Decreto 254/2012 do 13 de Decembro

-Orde 12 de Marzo do 2013

-Orde do 25 de xaneiro de 2017 que modifica a Orde do 12 de marzo de 2013

b) Postos escolares ofertados para o curso académico nos niveis de ensino aos que se refira o procedemento de admisión.

Curso	Vacantes
4ºINF	25
5ºINF	6
6ºINF	9
1ºPRIM	2
2ºPRIM	0
3ºPRIM	4
4ºPRIM	19
5ºPRIM	3
6ºPRIM	1

c) Prazo de presentación das solicitudes de admisión.

Entre o 1 e o 20 de Marzo, ambos incluídos. Coa solicitude, que deberá estar asinada polos dous titores legais de habelos, haberá que entregar copia do DNI dun dos solicitantes.

d) **IMPORTANTE:**

1º. Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. O alumnado que ten garantía de permanencia no centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe. É dicir, se presentades solicitude noutro centro é a vosa OBRIGA informarnos por escrito.

3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

4º. Solicitude de admisión de alumnado con Necesidades Especiais (Orde 12 de Marzo, Artigo 37):

1. A solicitude de admisión deberá presentarse na forma e prazo establecido na orde, e ademais, nais, pais ou representantes legais deberán manifestar expresamente que optan a unha praza reservada



para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.

2. Xunto á solicitude deberán achegar a documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficiais competentes.

e) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso.

- Do 23 de Marzo ao 5 de Abril

f) Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular reclamación.

- Listaxe Provisional de Admitidos: antes do 25 de Abril

Reclamacións: 5 días hábiles a partires do día seguinte á publicación

- Listaxe Definitiva de Admitidos: antes do 15 de Maio

Impugnación por medio de recurso de alzada: 1 mes a partires do día seguinte á publicación

g) Prazo para formalizar a matrícula que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo III da orde.

- Do 20 ao 30 de Xuño

h) Centros que ten adscritos, e adscrición do centro a outro ou outros, se é o caso.

- IES Xelmírez II DE Santiago de Compostela.

i) Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes.

Ligazón: https://drive.google.com/open?id=0B_zsgXOIoldiUXBwUIFMdDk3OW8

j) Servizos complementarios que ofrezca o centro, identificando a normativa concreta que os regule.

- Transporte escolar (Decreto 65/2014 do 28 de Maio) dependente da Xunta de Galicia.

- 2 liñas convencionais

- 1 liña motóricos

- Comedor Escolar tipo D (Decreto 132/2013 do 1 de Agosto) dependente do Concello de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 27 de Febreiro do 2018

O Director

Asdo.: Pablo Fernández Otero